REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de xaneiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 34319 (10/PNC-002790)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendendes á reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, así como á aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma e á revisión da memoria da Conta Xeral, coa incorporación de información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

1.2 36679 (10/PNC-002939)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento polas empresas da normativa laboral en relación co cumprimento das horas extraordinarias anuais permitidas, a contratación de novas persoas ocupadas e a conciliación da vida familiar e laboral de persoas traballadoras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018

1.3 37423 (10/PNC-003010)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de captación de investimento estranxeiro co obxectivo de que Galicia acade o 3% do total recibido no conxunto do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

1.4 39664 (10/PNC-003186)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co

impacto que están a ter en Galicia, en particular nos servizos públicos, as medidas fiscais existentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

1.5 40955 (10/PNC-003325)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun sistema de coeficientes redutores da idade de xubilación para o persoal do sector naval
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

1.6 41101 (10/PNC-003336)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia á Comisión Galega da Competencia da realización dun novo informe respecto da concentración bancaria na comunidade autónoma, así como a elaboración e a presentación no Parlamento de Galicia para o seu debate de propostas de actuación concretas baseadas nos seus resultados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018

Punto 2. Dación de conta

Estado execución orzamentaria

2.1 41974 (10/ESEX-000010)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado de execución do orzamento do terceiro trimestre de 2018

Modificacións orzamentarias

2.2 39175 (10/MOP-000026)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2018
Publicación, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

2.3 40094 (10/MOP-000027)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2018
Publicación, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

2.4 41742 (10/MOP-000028)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de novembro de

2018

Información sobre préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica

2.5 41629 (10/IIGA-000008)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operación de crédito e préstamo e, a información sobre os avais vixente a 30 de setembro de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 400, do 18.12.2018

Informe sobre a disposición do fondo de continxencia

2.6 39176 (10/IDFC-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Informe sobre a disposición do Fondo de continxencia das seccións 23 e 5001, correspondente ao terceiro trimestre do 2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Abel Ferm²n Losada Ćlvarez
Presidente da Comisi· n

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretario

Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34319(10/PNC-002790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendendes á reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, así como á aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma e á revisión da memoria da Conta Xeral, coa incorporación de información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34319
Data envio: 03/08/2018 14:13:10.119

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e dos seus deputados, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que "O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico".

E no artigo primeiro, modificase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: "*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financeira".*

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34319
Data envio: 03/08/2018 14:13:10.119

No mes de xullo o Consello de Contas entregou os informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feitas ano tras ano:

"*III.2. RECOMENDACIÓNS*

Presentación da información contable

3.2. Faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable

No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.

3.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento dos obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico".

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34319
Data envio: 03/08/2018 14:13:10.119

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que:

1º) Aborde con urxencia a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades.

2º) Aprobe un novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable.

3º) Realice unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento dos obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 3 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 14:05:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/08/2018 14:05:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/08/2018 14:05:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/08/2018 14:05:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 24.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 36679(10/PNC-002939)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para o cumprimento polas empresas da normativa laboral en relación co cumprimento das horas extraordinarias anuais permitidas, a contratación de novas persoas ocupadas e a conciliación da vida familiar e laboral de persoas traballadoras

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 13:42
Nº Rexistro: 36679
Data envio: 13/09/2018 13:42:35.092

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peña**s e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª.**

Exposición de motivos

Un informe publicado recentemente, sobre as horas extra traballadas, ten como principal conclusión que o total de horas extra traballadas durante un ano ten un custo anual que equivale a contratar a mais de 101.850 empregados durante un ano abonando o salario medio en España. Por tipo de xornada, 86.572 traballarían a xornada completa, mentres que 15.278 traballarían a xornada parcial.

En Galicia, o custo para as empresas destas horas extra equivale a 161 millóns de euros, cun custo por hora media de 21,13 euros, e supoñería a contratación de 5.800 novos profesionais. Isto supón un feito moi relevante tendo en conta o número de ocupados en Galicia.

Pero ademais esta elevada acumulación de horas extra ten diferentes connotacións negativas, tanto para a economía en xeral como para o traballador en particular. Isto é, por unha banda está constatado que unha crecente acumulación de horas extra deriva nunha menor produtividade e por outra banda, a acumulación de horas extra supón un aumento da sinistralidade, a imposibilidade de poder conciliar coas súas respectivas consecuencias persoais e familiares, aumento das enfermidades profesionais asociadas a unha maior carga de traballo ou aumento das incapacidades temporais entre outras.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 13:42
Nº Rexistro: 36679
Data envio: 13/09/2018 13:42:35.092

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante o exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Intensificar as inspeccións de traballo co obxectivo de que as empresas cumpran coa normativa laboral en relación ao cumprimento das horas extraordinarias anuais permitidas.
2. Garantir mediante as inspeccións o cumprimento de toda normativa laboral por parte das empresas así como facilitar a contratación de novas persoas ocupadas.
3. Garantir o cumprimento da lei 39/1999 de 5 novembro de conciliación de vida familiar e laboral de persoas traballadoras.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 13:42
Nº Rexistro: 36679
Data envio: 13/09/2018 13:42:35.092

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 13:37:44

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:37:56

Luis Villares Naveira na data 13/09/2018 13:38:29

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 24.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 37423(10/PNC-003010)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha estratexia de captación de investimento estranxeiro co obxectivo de que Galicia acade o 3% do total recibido no conxunto do Estado

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 12:48
Nº Rexistro: 37423
Data envio: 24/09/2018 12:48:28.992

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 3.ª**

A Xunta, abandeira a política da internacionalización das nosas empresas e a captación de investimento exterior, mais a realidade amósanos o fracaso desa política levada a cabo.

Se temos en conta o período para o cal a base de datos Datainvex proporciona información, poderase destacar que para os anos 1993-2017 Galicia recibiu o 0,71% do investimento bruto no Estado. Isto supón que Galicia foi o destino de 3.930 millóns de euros dun total recibido para o conxunto do Estado de 550.496 millóns de euros.

Estes datos adquiren unha dimensión moito mais negativa cando se comparan co investimento estranxeiro que recibiron outros territorios. Así a Comunidade de Madrid recibiu o 52,4%, mentres que o recibido por Cataluña representa o 14,6%. Pero ademais, destaca o feito de que o investimento bruto de Galicia no estranxeiro supera amplamente o investimento foráneo; o saldo para o conxunto do período indica que Galicia investiu no estranxeiro mais de 13.400 millóns de euros do recibido. Como media, a Comunidade Autónoma recibiu un investimento de 157 millóns de euros, mentres que o investimento medio no estranxeiro acadou os 694 millóns.

O problema parece que aínda se acentúa mais no primeiro semestre do ano 2018. Unha vez posta en marcha a Lei de Fomento Empresarial impulsada pola Xunta, Galicia ven de captar no primeiro semestre un total de 32,6 millóns de euros de investimento estranxeiro. Tendo en conta que o recibido polo conxunto da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 12:48
Nº Rexistro: 37423
Data envio: 24/09/2018 12:48:28.992

economía española foi de 12.000 millóns de euros, o captado por Galicia soamente representa o 0,27 %. Cifra que representa un terzo do investimento estranxeiro recibido por Galicia no primeiro semestre do ano 2017, cando aínda non fora posta en marcha a Lei de Fomento empresarial.

Pero a estes datos tan negativos para Galicia haille que engadir o feito de que unha gran maioría de investimento estranxeiro chegado a Galicia non vai destinado a creación de novas empresas, senón que ten como principal obxectivo a compra de empresas. Por exemplo, no ano 2015 destaca a compra realizada polo grupo chinés, China Sonangol, dos estaleiros do grupo Rodman e no ano 2017, de novo un grupo chinés, merca por 61 millóns de euros a conserveira Albo.

Galicia, pois, non se posiciona como un territorio atractivo para o investimento estranxeiro senón que o que se está a producir é a venda de empresas de capital galego a fondos de investimento estranxeiros. Os datos indican que a partir do ano 2009, e en especial a partir da desaparición das Caixas de Aforro, os fondos de investimento estranxeiro controlan un volume de negocio en Galicia que superan os 3.000 millóns de euros.

Este feito pon de manifesto que o capital estranxeiro que chega a Galicia non ten porque supoñer a creación de novo emprego nin a creación de novas liñas de negocio, senón que ten como principal obxectivo mercar aquelas empresas, ou facerse co control das mesmas, que son claves para o tecido produtivo galego pero que non poden seguir desenvolvendo a súa actividade debido, principalmente, á falta de capital financeiro no propio territorio.

Finalmente, cómpre tamén sinalar que o impacto do investimento estranxeiro na economía galega é moito menor ca no conxunto do Estado. Deste xeito, como sinala o Foro Económico de Galicia, a cifra de negocio do investimento estranxeiro en Galicia supón o 12,8% do total do territorio fronte ao 28,7 no

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 12:48
Nº Rexistro: 37423
Data envio: 24/09/2018 12:48:28.992

conxunto das CCAA. As persoas ocupadas representan o 4,3% fronte ao 13,3% do conxunto do Estado.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha estratexia de captación de investimento estranxeiro co obxectivo de que Galicia acade o 3% do investimento estranxeiro total recibido no conxunto do Estado.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Julia Torregrosa Sañudo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 24/09/2018 12:44:47

Julia Torregrosa Sañudo na data 24/09/2018 12:45:02

Luis Villares Naveira na data 24/09/2018 12:45:10

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 39664(10/PNC-003186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que están a ter en Galicia, en particular nos servizos públicos, as medidas fiscais existentes

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:59
Nº Rexistro: 39664
Data envio: 05/11/2018 17:59:50.470

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Aínda que os datos macroeconómicos avanzan, a realidade é que unha boa parte de galegos e galegas non son perceptores destas melloras, sendo continúa a perda de poboación, a emigración forzosa, a precariedade laboral, o empeoramento dos servizos públicos e o seu copagamento. Polo tanto, hai que facer unha análise de como e en que condicións se está a saír da crise e en que medida o Goberno autonómico está axudando a paliar os efectos máis adversos para as persoas.

A política, nomeadamente a política fiscal, ten que servir para facer unha redistribución e equilibrar por abaixo ás persoas máis vulnerables económica e socialmente, polo que ten que contribuír máis quen máis ten, ao tempo que practicar unha auténtica loita contra a fraude fiscal, acadando os ingresos necesarios para manter uns servizos públicos universais e con calidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1ª) Efectuar unha avaliación do impacto das medidas fiscais existentes en Galicia.

2ª) Garantir que os servizos públicos en Galicia teñan o nivel necesario de financiamento que nos iguale aos países máis desenvolvidos da Unión Europea.

3ª) Constituír, dentro do Parlamento de Galicia, unha mesa de debate para acordar as rebaixas fiscais selectivas que debe adoptar o Goberno galego.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:59
Nº Rexistro: 39664
Data envio: 05/11/2018 17:59:50.470

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:59
Nº Rexistro: 39664
Data envio: 05/11/2018 17:59:50.470

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:41:02

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:59
Nº Rexistro: 39664
Data envio: 05/11/2018 17:59:50.470

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/11/2018 17:41:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:41:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 40955(10/PNC-003325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun sistema de coeficientes redutores da idade de xubilación para o persoal do sector naval

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:34:03
Nº Rexistro: 40955
Data envio: 27/11/2018 17:34:03.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á demanda por parte do goberno galego de coeficientes redutores para os traballadores e traballadoras do sector naval.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos dereitos conquistados pola clase traballadora é o dunha pensión ao remate da súa vida activa como traballadores e traballadoras en activo. Durante a última década puidemos ver como a crise socioeconómica era empregada como desculpa para recortar dereitos nesta materia, medidas regresivas que desenvolveron gobernos do PP e do PSOE no Estado co silencio da Xunta de Galiza malia afectar ás maiorías sociais deste país.

Unha das cuestións que teñen ficado conxeladas é o avance canto á mellora das condicións de xubilación para aquelas profesións máis penosas. Cómpre recordar que o Real Decreto Lexislativo 8/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social recolle no seu artigo 206 como a idade mínima de acceso á pensión de xubilación pode ser rebaixada naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre

CSV: REXISTRO-h0s3WaNVq-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:34:03
Nº Rexistro: 40955
Data envio: 27/11/2018 17:34:03.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as e os traballadores acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estabeleza. Desta forma, neste marco sitúanse as bases do procedemento a seguir para estabelecer estudos conducentes a regular esta posibilidade cando falemos de condicións laborais onde as posibilidades de intervención nas mesmas non poidan derivar nunha solución suficiente para dita penosidade. Este procedemento é desenvolvido ao abeiro do Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para estabelecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no Sistema da Seguridade Social.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que un dos sectores que deben avanzar no recoñecemento de dereitos e, máis concretamente, das súas condicións de xubilación, é o sector naval. Dunha banda, cómpre recordar a importancia no noso país do sector, que sobreviviu ás diferentes reconversións e aos vetos de facto por parte do goberno central para a construción civil na ría de Ferrol, por exemplo. Doutra banda, da análise das súas condicións de traballo só pode extraerse a pertinencia do estabelecemento de coeficientes redutores, máis aínda se observamos outros sectores similares que si teñen desenvolvido este dereito.

A actividade no sector naval é dura tanto pola propia actividade, caracterizada por unha alta esixencia física, como polo ámbito onde se desenvolve, maioritariamente a expensas da climatoloxía e nunha contorna que vai mudando segundo o encargo a desenvolver. Isto repercute nun nivel de riscos laborais considerábeis que non é posíbel paliar na totalidade coa prevención e a actividade leva aparellada un importante desgaste. Así mesmo, cómpre recordar que este sector leva vivindo moitos anos as consecuencias da exposición ao amianto e a demora na súa prohibición no Estado español, algo que sumado ao seu longo período de latencia fai que sexan a estas alturas xa moitos os traballadores mortos ou afectados polo contacto con este produto. Un

CSV: REXISTRO-h0s3WaNVq-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:34:03
Nº Rexistro: 40955
Data envio: 27/11/2018 17:34:03.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplo que evidencia a necesidade de estudar e profundar nas características desta actividade e avaliar as melloras das condicións que se poidan poñer en marcha.

Con base a estas consideracións, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Estado para demandar a realización de todas as actuacións necesarias para o estabelecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación par o persoal empregado no sector naval, entendendo por tal tanto o sector público como privado incluíndo as e os traballadores tanto das empresas principais como das auxiliares.

2. Desenvolver, no ámbito das súas competencias, cantos estudos sexan precisos para contribuír a estudar factores que contribúen a determinar as condicións dos e das traballadoras do sector naval de cara a implantar un sistema de coeficientes redutores no sector."

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández

CSV: REXISTRO-h0s3WaNVq-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 17:34:03
Nº Rexistro: 40955
Data envio: 27/11/2018 17:34:03.628

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 17:30:52

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 17:30:57

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 17:30:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 17:31:00

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 17:31:01

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 17:31:03

CSV: REXISTRO-h0s3WaNVq-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 41101(10/PNC-003336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia á Comisión Galega da Competencia da realización dun novo informe respecto da concentración bancaria na comunidade autónoma, así como a elaboración e a presentación no Parlamento de Galicia para o seu debate de propostas de actuación concretas baseadas nos seus resultados

Publicación da iniciativa, 394, 05.12.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:11
Nº Rexistro: 41101
Data envio: 29/11/2018 13:41:11.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**.

Recentemente o goberno portugués levou a cabo unha poxa, condición de Europa para a inxección de fondos, co obxecto de se desprender do Banco Caixa Geral, a filial no Estado español da portuguesa Caixa Geral de Depósitos. Finalmente foi Abanca, o grupo presidido por Juan Carlos Escotet, quen adquiriu este Bando de forma que incorporou un volume de negocio de 7.000 millones de euros e 110 oficinas, 35 en Galiza. Desta forma Abanca consolídase como a sétima entidade do Estado canto a patrimonio e oitava canto activos a cambio dun prezo final de 364 millóns de euros.

Con este novo chanzo avánzase na concentración bancaria en Galiza, que segundo indicaba o *Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia* elaborado pola Comisión Galega da Competencia a instancia dun acordo parlamentar, xa supuña en Galiza un nivel de concentración superior á medida europea e española. Por outra parte, a análise na altura do Índice de concentración HHI aplicado ás cinco maiores entidades daba

CSV: REXISTRO-jAPDhOTWU-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:11
Nº Rexistro: 41101
Data envio: 29/11/2018 13:41:11.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como resultado 1.400 puntos no Estado español, mentres que para Galiza o resultado era de 2.321, o que implica moita maior concentración.

Ademais, é pertinente recordar que nunha parte importante o que viña sendo o Banco Caixa Geral no noso país tivo a súa orixe no Banco Simeón. Con este novo paso evidénciase o mal negocio que supuxo para Galiza a venda a prezo de saldo das caixas galegas e a súa posterior bancarización, pois é evidente a folgura e capacidade de manobra que ten Abanca para seguir facéndose con cotas de mercado.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta cuestión debe ser atendida e vixiada por parte do goberno galego, que días despois de coñecerse a operación nin sequera fixo unha valoración desta. Esta operación terá un novo impacto sobre o emprego no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión e que aínda non deu por finalizado o proceso da venda do Popular-Pastor e a súa transición a un único paraugas como é o Banco Santander, tal e como amosan recentes peches de oficinas, como a de Guitiriz, que ten levantado resposta por parte da sociedade e dos cadros de persoal. Así mesmo, terá repercusións no número de oficinas e no acceso ao crédito por parte de empresas e particulares. Consecuencias todas elas que deben ser avaliadas e sobre as que cómpre actuar de forma decidida.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

CSV: REXISTRO-jAPDhOTWU-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:11
Nº Rexistro: 41101
Data envio: 29/11/2018 13:41:11.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar da Comisión Galega da Competencia a realización dun novo informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia e as súas consecuencias para as persoas usuarias de servizos financeiros en Galiza e, realizar con base ao seu resultado, propostas de actuación concretas que serán remitidas ao Parlamento Galego para o seu debate."

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 13:17:11

CSV: REXISTRO-jAPDhOTWU-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 13:41:11
Nº Rexistro: 41101
Data envio: 29/11/2018 13:41:11.128

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 13:17:17

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 13:17:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 13:17:20

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 13:17:21

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 13:17:22

CSV: REXISTRO-jAPDhOTWU-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 41974(10/ESEX-000010)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Estado de execución do orzamento do terceiro trimestre de 2018

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 39175(10/MOP-000026)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2018

Publicación, 378, 31.10.2018

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 40094(10/MOP-000027)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2018

Publicación, 386, 21.11.2018

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 41742(10/MOP-000028)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de novembro de 2018

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 41629(10/IIGA-000008)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Información sobre a situación das operación de crédito e préstamo e, a información sobre os avais vixente a 30 de setembro de 2018

Publicación da iniciativa, 400, 18.12.2018

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 39176(10/IDFC-000004)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Informe sobre a disposición do Fondo de continxencia das seccións 23 e 5001, correspondente ao terceiro trimestre do 2018